CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais e colectivos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúde e despedida, agradecemento e desculpa. - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.

Contidos

- Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico.
- Iniciación á reflexión interlingüística.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co círculo literario e lector.

Contidos

- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O principal propósito que procuramos é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas (Vázquez Freire, 1992), por iso, a nosa metodoloxía de ensino tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias e tarefas. É ben coñecido que segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, trataremos na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego. Por outra parte, somos moi conscientes de que a propia actitude do profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado, pois como sinalou Jurjo Torres na súa teoría sobre o

currículo oculto, en moitos aspectos, os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos que os contidos curriculares explícitos (Torres Santomé, 1995). Teremos isto en conta para que non se produza ningún tipo de desaxuste na conformación do autoconceito nin na traxectoria académica do alumnado.

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o/a docente manexa dous obxectivos fundamentais:

A consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos do currículo

O desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe do alumnado noutras áreas.

Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.:

Comprensión oral e lectora

A expresión oral e escrita

A argumentación

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmillorable para adestrar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas aos alumnos.

Polo tanto, tentaremos conseguir o máximo axuste entre a avaliación inicial (o que xa saben), a secuencia de contidos (gra de complexidade crecente das actividades) e o seu estilo de aprendizaxe; desde xeito, estaremos conseguindo a mellor metodoloxía para facer que cada alumna/o progrese na súa aprendizaxe e que supere as súas dificultades. Empregarase unha metodoloxía activa; as explicacións teóricas serán o soporte mínimo para que o alumnado realice un amplo número de actividades.

A metodoloxía didáctica en Bacharelato debe fomentar a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

En Bacharelato, a relativa especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia e polas esixencias do tipo de coñecemento propio de cada unha.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel.

Teranse en conta os seguintes criterios metodolóxicos:

Adecuación das actividades á madurez do alumnado nesta etapa educativa.

Diversidade de propostas e actividades que responden aos modos diferentes de aprendizaxes.

Integración do aprendido a través da interdisciplinabilidade.

Desenvolvemento das capacidades cognitivas do alumnado.

Organización e precisión en contidos teóricos e actividades prácticas.

Aprendizaxe autónoma dos estudantes.

Secuenciación pautada da aprendizaxe práctica.

Participación activa do alumnado na aprendizaxe individual e en grupo.

Fomento do interese pola aprendizaxe.

Uso funcional da lingua.

Entre as estratexias didácticas que consideramos fundamentais encóntranse:

A lectura

A detección de ideas previas

As explicacións sobre os contidos

As aplicacións prácticas dos saberes e as habilidades

A aplicación de técnicas de estudo
A análise e a reflexión sobre conceptos, textos ou ideas complexas
A investigación lingüística e literaria
A construción de ideas novas e xuízos críticos.

Para levalas a cabo, utilizaranse actividades de diversos tipos que responden a diferentes enfoques, formas de aprendizaxe e niveis de complexidade, individuais ou de grupo, asociadas ou non a técnicas determinadas e en función dos campos traballados da lingua e a literatura: actividades de identificación, de relación, de clasificación, de organización, de estruturación, de síntese, de análise inductiva e deductiva, de lectura, de comentario, de escritura, de chuvia de ideas, de diálogo e debate, de reflexión, de contextualización, de busca de información, de investigación, etc.

Concrecións para 1º ESO

Comprender, interpretar e resumir o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.

Escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual, desenvolvendo un pensamento crítico.

Escoitar con interese e respecto as intervencións orais, respectando as normas de cortesía.

Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.

Valorar as producións orais cunha fonética galega correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Intervir de maneira activa en situacións orais propias do ámbito académico.

Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais.

Producir discursos breves e comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa, coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.

Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.

Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información, consultar modelos de composición escrita e solucionar dúbidas de traballo.

Mostrar unha actitude crítica cara ás mensaxes que manifesten prexuízos lingüísticos.

Ler en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos do galego.

Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

Usar as TIC, con progresiva autonomía, para redactar e presentar os seus escritos.

Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.

Coñecer e utilizar adecuadamente a fonética do galego.

Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.

Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.

Coñecer e utilizar as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a comprensión de textos.

Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.

Coñecer e utilizar os conectores textuais e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos.

Diferenciar as distintas clases de oracións segundo a intención do emisor.

Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

Desenvolver unha competencia comunicativa integrada a partir do coñecemento das linguas.

Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.

Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización da lingua.

Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.

Recoñecer e valorar as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuízos lingüísticos.

Diferenciar os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.

Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súa opinión.

Escribir textos sinxelos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios adquiridos.

Describir os trazos que caracterizan o cómic e a canción como linguaxes artísticas.

Coñecer e aplicar as estratexias de autoavaliación, recoñecendo os erros nas súas producións.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos didácticos

1º ESO. Libro de texto: Lingua galega e Literatura.
Editorial ANAYA, 2015 978-84-143-0512-6

Como material complementario utilizaremos o acceso dixital que nos proporciona a editorial, ademais doutros materiais de apoio como a Aula virtual e a súa plataforma Moodle.

Para o fomento da lectura, e como complemento, en cada curso programamos a lectura dun libro avaliable por trimestre.

Neste curso comezarase no primeiro trimestre cos seguintes libros, alternados nos 5 cursos:

RIBEIRO, Breogán: Tonecho de Rebordecho. Xerais.

CASTRO, Francisco: Chamádeme Simbad. Ed. Xerais

REIMÓNDEZ, María: Usha. Ed. Xerais

Estas opcións poderanse alternar ou ampliar nos seguintes trimestres segundo os gustos e intereses do alumando.

Outros materiais resaltables son todos aqueles que nos poida proporcionar internet, peza fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. A súa utilización é unha peza fundamental no noso traballo de aula. A seguir nomeamos algúns deles coa clara conciencia de que nos faltan moitísimos, que non todos son utilizados en todos os cursos, e que se utilizan outros que probablemente non aparezan aquí reseñados.

LITERATURA:

Coñecemento e acceso a webs que presentan corpus completos ou parciais de autores de literatura galega:

Biblioteca Virtual Galega: <http://bvg.udc.es/>

Biblioteca virtual da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org>

Literatura Galega: <http://www.culturagalega.org/lg3/>

Libros Google: <http://books.google.es/>

Galegos Espallados: <http://www.galespa.com.ar/>

Web de Manuel María: <http://www.manuelmaria.com/>

Web de Uxío Novoneyra: <http://www.uxionovoneyra.com/>

Web de Bernardino Graña: <http://www.bernardinograña.org/>

Audición de materiais musicais ou sonoros sobre temática literaria obtidos de páxinas web: contos de Casares, Castelao, Neira Vilas... no arquivo sonoro de <http://www.culturagalega>, de Manuel María... en <http://www.ghastaspista.com>, Uxío Novoneyra en <http://www.diadasletras-2010.com>; entrevistas e tertulias (Casares no arquivo sonoro de <http://www.culturagalega.org>)

LINGUA:

Coñecemento e utilización de recursos lingüísticos en internet: dicionarios, correctores, tradutores, léxicos específicos (aos que podemos acceder facilmente en [http://www.edu.xunta.es/portal/ contenido/Recursos](http://www.edu.xunta.es/portal/contenido/Recursos)).

Morfloxía: Exercicios interactivos de gramática, léxico e comprensión de Serafín Álvarez; información e algunhas actividades en papel na web Cousas de galego. Exercicios interactivos con pronomes. Exercicios interactivos sobre o infinitivo conxugado. Actividades de léxico para localizar a palabra definida e Actividades de léxico sobre mamíferos na páxina do Correlingua, Dúas propostas creativas para traballar a sintaxe de Luciano Fernández. Presentación en diapositivas sobre abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos elaborada por Román Landín para 1º de ESO, xogos de lingua O preguntoiro e O aforcado, no portal de contidos da Xunta.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ademais dos datos aportados polas cualificacións do ano anterior, este Departamento considera moi útil facer unha avaliación inicial ao comezo de curso, durante o mes de outubro, para así poder axustar mellor o programa establecido ás necesidades dos alumnos. En todos os grupos e niveis e ao longo das primeiras semanas de clase realizaranse probas e en consecuencia, os cambios e adaptacións necesarias na programación de aula. Tomaremos como referencia as probas que se inclúen nos libros de texto e adaptaremos os aspectos que consideremos oportunos.

Nas Instrucións sobre as medidas a adoptar neste curso académico, a avaliación inicial comprenderá:

- Análise dos informes de avaliación individualizada do curso anterior.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación.

Os instrumentos empregados nesta avaliación inicial poden ser de diversa natureza tales como probas sobre os compoñentes gramaticais e literarios así como redaccións e probas de todo tipo. En función dos resultados académicos estableceranse mecanismos de reforzo como actividades complementarias. Do mesmo xeito analizarase e valorarase a actitude e o compromiso de cada alumno e a súa responsabilidade para á realización de tarefas que poidan aumentar o rendemento de cada alumno en particular e deste xeito mellorar a súa evolución para a consecución dos obxectivos da nosa materia. Teremos que coñecer a capacidade do alumnado como a lectura, escritura e a comprensión, piares fundamentais sobre todo no curso de 1º ESO.

Será necesario adoptar medidas personalizadas a través de actividades orientadas a atender os diferentes ritmos de aprendizaxe de cada alumno. A coordinación entre o noso Departamento e o de Orientación debe ser fundamental xa que se atenderán as necesidades educativas especiais como alumnado con ACI ou que precisen dalgún reforzo.

A avaliación inicial de 1º ESO terá lugar o 1 e 2 de outubro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	11	11	11	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Criterios de cualificación:

1- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A materia cualificarase seguindo os seguintes criterios:

- a) 80%: Aplicarase ás probas obxectivas. Realizaranse unha ou dúas probas por trimestre.
- b) 10%: Proba escrita do libro de lectura proposto para cada avaliación.
- c) 10%: Traballo desenvolvido regularmente na aula, tarefas encomendadas etc., así como a actitude e comportamento cara á materia.

2- AVALIACIÓN FINAL

Para o alumnado que teña superadas as tres avaliacións parciais durante o curso, a nota final será a media aritmética das tres avaliacións parciais.

O alumnado que aprobe todas as avaliacións ou dúas delas e obteña unha media de 5 entre as 3 avaliacións terá

superada a materia. Con dúas ou tres avaliacións suspensas considérase que a materia non está superada.

O alumnado que teña dúas ou tres avaliacións suspensas deberá presentarse a unha proba final que terá lugar durante o mes de xuño para recuperar toda a materia do curso. Trátase dunha proba global e polo tanto, versará sobre os contidos impartidos ao longo de TODO o curso.

Para superar estas probas, cualificadas sobre 10 puntos, é preciso acadar un mínimo de 5 puntos. No caso de acudir á proba final, a nota final será a acadada nese exame, e tamén será preciso acadar unha cualificación mínima de 5 puntos para superar a materia.

O Departamento determina para todos os niveis que haberá penalización para o alumnado que sexa sorprendido copiando, tanto por medios analóxicos como dixitais, durante os exames ou calquera outra proba avaliable (incluso no caso de que as evidencias se produzan despois de ter rematada a proba).

A sanción que se establece é a de cualificación negativa (puntuación de 0) na proba en cuestión.

Criterios de recuperación:

Despois da realización das avaliacións iniciais do alumnado, o Departamento traballará na realización dun plan de reforzo e recuperación. Este plan consistirá no repaso e reforzo das aprendizaxes imprescindibles non traballadas no curso 2023/2024. Cabe salientar que a materia de Lingua galega trata os seus contidos de forma continua, isto é, en calquera curso académico trabállanse os aspectos máis salientables do curso anterior. Nos casos de dificultades severas para a recuperación das aprendizaxes imprescindibles (alumnado suspenso, necesidades educativas especiais, etc.) especial atención será prestada para apoiar a este alumnado cun maior reforzo. Tamén se terán en conta os informes individualizados recollidos polo Departamento a finais do curso académico 2023/2024.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Cada profesora no nivel que imparte será a encargada da coordinación e seguimento da avaliación das aprendizaxes deste alumnado. Tamén participará na coordinación da proposta de plan de traballo para o alumnado e na elaboración das probas específicas.

Alguns aspectos que se atenderán son:

Coordinación do grupo de alumnado coa materia pendente.

Planificación das tarefas: dotación de medios e tempos e distribución dos mesmos.

Selección do xeito de elaboración de actividades.

Ambiente de traballo na coordinación e participación do alumnado.

Os Indicadores co fin de establecer unha avaliación de todo o proceso son:

Relación entre obxectivos e contidos

Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.

Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

Relación entre os contidos esixidos e as actividades de avaliación.

No caso de que o alumnado non supere a materia despois de aplicados todos os criterios de cualificación e realizadas todas as probas de recuperación, se pasa de curso coa materia pendente seguirá un programa de apoio e recuperación.

1.- Realizarase un seguimento por trimestre realizando unha proba escrita en cada un deles. A nota para acadar o aprobado será un 5. A media final realizarase entre os tres trimestres. En caso de non superar a materia deste xeito, terán a posibilidade de presentarse a unha proba final no mes de xuño na que entrarán os contidos de todo o curso.

2.- Este Departamento considera que en 1º e 2º da ESO as materias pendentes son progresivas, polo tanto, ao superar a materia do curso superior considérase superada a materia pendente, sempre e cando non haxa abandono; isto é, será obrigatoria a presentación ao exame de pendentes ou a realización de traballos que valorará cada docente. De non alcanzar esta nota, o alumnado non poderá aprobar o nivel superior.

3.- O departamento poderá propoñer actividades para cada unha das unidades especificadas na programación co fin de fixar os contidos. Estas actividades subiranse na Aula Virtual e servirán de guía para a preparación das probas.

4.- As probas realizaranse nas datas propostas por Xefatura de Estudos en coordinación cos membros do Departamento. Será a Xefa deste Departamento quen realice esas probas no horario dedicado a Xefatura.

6. Medidas de atención á diversidade

Educar significa facer o posible para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, ademais, por suposto, de que superen os obxectivos curriculares establecidos. E isto significa ter que lle prestar unha esmerada atención á diversidade do noso alumnado. Está claro que cada persoa é diferente pero sabemos que os/as alumnos/as que precisan un maior esforzo de axuste pedagóxico son aqueles nos que se identificaron necesidades específicas de apoio educativo, que se categorizan nos seguintes grupos:

- o alumnado con necesidades educativas especiais derivadas dunha discapacidade ou dun trastorno grave de conduta;
- o alumnado con altas capacidades intelectuais,
- o alumnado que se integra de forma tardía no noso sistema educativo;
- o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe;
- o alumnado con necesidades educativas especiais por condicións persoais ou de historia escolar.

A discapacidade pode ser de tipo físico (sensorial ou motórica), intelectual ou estar relacionada cun trastorno da linguaxe. No primeiro caso, asóciase normalmente a un déficit significativo no aparato visual, auditivo e/ou motórico. Adecuarase o proceso de aprendizaxe ás peculiaridades do alumnado

Nos casos da discapacidade intelectual e dos trastornos o profesorado enfróntase a un problema totalmente diferente pois como norma xeral o alumnado precisará unha adaptación curricular significativa dos obxectivos e dos contidos, e proceder a unha avaliación en consonancia. En concreto para os/as alumnos/as cun TEL (Trastorno Específico da Linguaxe) Para todos este alumnado, as decisións sobre o seu itinerario académico deberán ser meditadas lentamente, en coordinación co Departamento de Orientación, posto que non será infrecuente que algúns se afasten da consecución das competencias que se estipulan para o curso.

Por trastorno de conduta enténdese esencial, aínda que non unicamente, o relacionado co Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade. En todos os casos o profesor deberá adoptar medidas ordinarias que compensen dalgún xeito as dificultades deste tipo de alumnado. De xeito breve, cabe mencionar: equilibrar unha adecuada rutina da clase cunha didáctica novidosa e motivadora, coidar a localización do/a alumno/a, reforzar os éxitos, valorar o esforzo por encima dos resultados (coidando así a súa autoestima e a súa motivación), modificar as ferramentas de avaliación, etc. Se non existe desfase, non se deberán modificar os obxectivos. No caso de que exista desfase valorarase a posibilidade de realizar adaptacións do currículo, tendo sempre presente as competencias a alcanzar para poder promocionar e/ou titular.

Alumnos/as con altas capacidades intelectuais.

O principal problema deste alumnado adoita ser a desmotivación, froito da sensación de aburrimiento que supón afrontar actividades sobre aprendizaxes que xa teñen conseguidas. A tarefa do profesorado consiste en implementar estratexias didácticas adecuadas (p.e., facilitar que lideren traballos en equipo ou permitir que participen nalgúns explicacións como alumnos/as-axudantes) e en ofrecer actividades que supoñan un reto ao alumnado (actividades de ampliación ou enriquecemento, voluntarias ou non). Alumnos/as con dificultades específicas de aprendizaxe.

Alumnos/as con necesidades educativas especiais por condicións persoais ou de historia escolar.

Este campo foi recentemente incorporado á lexislación vixente e dá pé a diferentes interpretacións. O Departamento de Orientación deberá determinar o alumnado que se recolle baixo este epígrafe (p.e., alumnos/as con epilepsia que incida negativamente na súa aprendizaxe) e determinar así mesmo a liña da intervención educativa.

Tendo este abano de posibilidades presente, hai que presentar os contidos dun modo atractivo e estimulante co obxecto de atender á diversidade. Os cursos atéñense a unha estrutura cíclica que lles permite aos alumnos/as ampliar os seus coñecementos en base ao que xa saben e afondar máis nas áreas culturais ou lingüísticas novas ou de maior complexidade. Á súa vez, o complexo procedemento de avaliación contén criterios xerais que se deben elaborar e adaptar para cada grupo, establecendo obxectivos concretos, segundo o contexto do centro, o/ profesora/a e a clase. O profesorado dispón de distintos instrumentos de avaliación e habilidades, así como de tarefas concretas.

Ademais, é necesario establecer os contidos mínimos segundo as necesidades, capacidades e ritmo ao que aprende o noso alumnado.

É máis, para poder ocuparnos das necesidades educativas con éxito hai que fixarse nas actividades, materiais e recursos dos que dispoñemos. A gran maioría das devanditas actividades pódense utilizar de modo personalizado e son abertas de modo que cada alumno/a pode responder de forma diferente, segundo a súa capacidade.

Cada alumno/a necesitará unha cantidade de tempo determinada para a realización de tarefas que dependerá en maior ou menor grao da súa motivación. A gran parte das actividades están pensadas para uso na aula, pero tamén se poden mandar de deberes a modo de reforzo. O mesmo material e/ou recursos se poden utilizar como apoio ou como ampliación, é dicir, cámbiase o obxectivo segundo corresponda. Por exemplo, unha sinxela pregunta sobre un texto pode servir de reforzo para os/as alumnos/as menos avanzados/as, pero tamén pode actuar como inspiración nunha actividade de ampliación na que se lle pida ao alumnado que pense noutras palabras.

Recoméndase que o profesorado aproveite as habilidades do alumnado de todas as formas que se lle ocorra. Pode suceder que un alumno que detesta falar goce escribindo vocabulario no encerado, mentres que a outros se lles dea ben debuxar ou confeccionar pósters.

Outro factor crucial é a metodoloxía que segue o/a profesor/a co seu grupo en particular e, máis concretamente, co alumnado que ten dificultades de aprendizaxe. O máis importante con calquera tipo de tarefa é asegurarse de que se levaron a cabo unha correcta preparación previa, que os/as alumnos/as saben todas as palabras que van necesitar e que comprenden a finalidade da actividade. Se se lles dota aos/ás alumnos/as coas ferramentas lingüísticas adecuadas que lles permitan realizar a actividade con éxito, teremos garantías de que a todos lles resulta suficientemente esixente e interesante. Sen a preparación necesaria, os/as alumnos/as poden sufrir unha experiencia de aprendizaxe negativa, o que os levará a perder confianza e a sentirse frustrados cunha actividade que esixe un grao de habilidade que non teñen.

Como se dixo anteriormente, a avaliación e a estimulación son cruciais para os/as alumnos/as, pero máis para aqueles que teñen NEAE. Ao realizar unha actividade, deben ser dirixidos para que atopen as respostas correctas en vez de facilitarllelas. Así, os/as alumnos/as sentiranse satisfeitos ao encontrar a resposta correcta. Cada vez que un alumno calquera cometa un erro, hai que insistir en que cometer erros é parte do proceso de aprendizaxe e que non deben sentir vergoña por equivocarse.

Non hai que esquecer que o repaso constante é outra parte importante do proceso de aprendizaxe que axudará en gran medida ao alumando con necesidades especiais, así como ao resto do grupo. A ensinanza do noso idioma baséase nun sistema de repaso continuo, con diferentes xogos e técnicas para repasar o vocabulario estudado en cada unidade

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Traballarase a transversalidade curricular en todas as unidades que sexa posible	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Traballarase a transversalidade curricular en todas as unidades que sexa posible	X

Observacións:

Entendemos por *elementos transversais* aquelas engrenaxes que proporcionan carácter moral ao currículo. Non se trata de algo característico dunha materia, senón que é común a todas elas, por iso falamos de *transversalidade curricular*. Cumpren unha función moi importante no desenvolvemento persoal e completo do alumnado, xa que a través da reflexión destes contidos tan estreitamente vinculados coa súa contorna social, adoptarán a súa propia postura que contribuirá a facer deles cidadáns máis respectuosos e sensibilizados co mundo que os rodea.

Abordaranse os seguintes elementos:

A comprensión lectora (CL), a expresión oral (EO) e a expresión escrita (EE) xa se traballan por defecto na materia de Lingua Galega e Literatura, procurando que adquiran apego polo idioma e o empreguen de xeito cotián. Asemade, desenvolverase a comunicación audiovisual (CA), por exemplo, na asistencia á aula multimedia para ver a película, *A lingua das bolboretas*, baseada no libro de Manolo Rivas,. As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) estarán presentes ao longo de todo o curso á hora de recompilar información e empregala de xeito crítico e responsable, o emprendemento (E) entendido como a capacidade para converter as ideas en actos. Para facer do alumnado cidadáns responsables, traballarase a educación cívica e constitucional (ECC). Mención especial recibe a igualdade entre homes e mulleres (I), a prevención da violencia de xénero (PVX), a igualdade de trato e non discriminación (ITND), para proporcionar ao alumnado a formación necesaria para convivir en igualdade e sen discriminación. Por último, pero non menos importante incluírase o traballo en equipo (TE), como factor positivo no que se conxugan enerxías e diferentes talentos de cara a conseguir un obxectivo. Tamén se terá en conta o Proxecto Lector, o Plan TIC e o Plan de Convivencia

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades relacionadas coa lingua e literatura	<p>¿ Día da biblioteca escolar ¿ Día internacional pola non violencia contra a muller ¿ Mes da Ciencia nas bibliotecas escolares ¿ Día escolar da non violencia e a paz ¿ Día Internacional da muller ¿ Día do libro 4. Celebración do Samaín en colaboración co ENDL e a biblioteca. Consideramos que esta actividade, así como a anterior, poden favorecer a relación do noso alumnado coa nosa cultura e tradicións. 5. Conmemoraremos o Día das Letras Galegas</p>	X	X	X

Observacións:

Durante este curso intentárase realizar actividades complementarias, que poderían axudar a que o alumnado comprenda mellor todos os aspectos relacionados coa cultura galega en xeral.

O departamento ten moito interese en manter unha liña de traballo conxunta con outros departamentos polo que durante este curso continuaremos a realizar todas aquelas que sexa posible en colaboración especial co EDL e a Biblioteca. A nosa intención é que este tipo de cooperación caracterice a nosa liña de traballo nos vindeiros cursos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Planificación sa unidade, motivación do alumnado, logros conseguidos.

Descrición:

A finalidade de avaliar o proceso do ensino centrámonos nun primeiro momento de planificación, xa que entendemos que debemos partir dunha boa base e esa planificación é primordial para acadar uns bos resultados finais. Outro pilar que traballamos é a motivación do alumnado, procurando facer da aprendizaxe un feito relevante para a vida do noso alumnado.

Centramos a nosa atención no proceso de aprendizaxe, pero sen descoidar os logros conseguidos que serán valorados con unha avaliación dos mesmos.

Estes indicadores, en definitiva, axudarannos a ver se o proceso foi ou non correcto para o logro dos obxectivos.

Para a PLANIFICACIÓN DA UNIDADE veremos o cumprimento dos seguintes items:

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5. Planifica as clases de modo flexible, prepara actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

Para a MOTIVACIÓN DO ALUMNADO:

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.
7. Promove a reflexión dos temas tratados.

Para os LOGROS CONSEGUIDOS:

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A finalidade de facer o seguimento e de avaliar o noso labor docente incluímos unha serie de items que nos servirán para ver o grao de cumprimento e a efectividade do mesmo; destacamos os seguintes aspectos que serán sometidos á avaliación:

ASPECTOS A AVALIAR

Temporalización das unidades didácticas.

Desenvolvemento dos obxectivos didácticos.
Manexo dos contidos da unidade.
Desempeños das competencias.
Realización de tarefas.
Estratexias metodolóxicas seleccionadas.
Recursos.
Claridade nos criterios de avaliación.
Uso de diversas ferramentas de avaliación
Consecución dos estándares de aprendizaxe.
Atención á diversidade.
Interdisciplinariedade..

O seguimento farase tras a realización de cada proba, tras a realización de cada avaliación e ao final do curso.

As propostas de mellora serán recollidas despois do seguimento e da avaliación da programación.

9. Outros apartados